



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 09/05/2017 14:12:12

SAÍDA 42674 / RX 726801



FRANCISCO JAVIER SANJIAO OTERO
asociación PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO
SAN DOMINGOS DE BONAVAL S/N
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 25/04/2017 recibiuense solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por D/Dona FRANCISCO JAVIER SANJIAO OTERO en nome e representación da asociación PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO, inscrita no Rexistrio Central de Asociaciós da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2003/006510-1^a, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 11/03/2017, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúlen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓN LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistrio Nacional de Asociaciós, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumplir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociaciós, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistrio Central de Asociaciós e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociaciós da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociaciós.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumple os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistrio de Asociaciós da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administraciós Pùblicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da asociación PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administraciós Pùblicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede.
A secretaria xeral técnica



Vº e prace:
O subdirector xeral de Régime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

Beatriz Cuiña Barja



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO

(Aprobados na Asemblea Extraordinaria do Padroado celebrada o 11 de marzo de 2017)

TÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art. 1. O Padroado do Museo do Pobo Galego é unha asociación privada de carácter cultural sen ánimo de lucro constituída na cidade de Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1976. Rexerase polas disposicións contidas nos presentes Estatutos e polas leis, regulamentos e demais normas legais que lle sexan de aplicación. Ao longo destes Estatutos denominarase indistintamente Asociación ou Padroado.

A entidade terá duración indefinida e só se disolverá na forma prevista na Lei e nestes Estatutos.

O domicilio da Asociación, radicará na cidade de Santiago de Compostela no antigo convento de San Domingos de Bonaval (Costa de San Domingos s/n).

Art. 2. Son obxectivos da entidade: investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega e a súa historia en todos os seus ámbitos; e concretamente crear e desenvolver un museo ao servizo destes obxectivos.

Polo seu carácter exclusivamente científico e de investigación, a Asociación non se adscribe a ningunha ideoloxía determinada, nin poderá servir outros fins ca os expresados no parágrafo anterior, sen que iso signifique renuncia á participación que na vida pública lle corresponda como entidade cultural, a través das canles que estableza a lexislación vixente en cada momento.

Art. 3. A Asociación desenvolverá as súas actividades en Galicia e noutras áreas nas que, polas súas afinidades coa cultura galega ou outras circunstancias, conveña facelo.

Art. 4. A Asemblea Xeral será o órgano competente para interpretar os preceptos destes Estatutos.

A Asemblea Xeral aprobará un Regulamento de Réxime Interno para regular o Museo e o seu funcionamento, e aqueles aspectos da Asociación insuficientemente regulados nos presentes Estatutos. En ningún caso o antedito Regulamento poderá contradicir o establecido nestes Estatutos.

Art. 5. O idioma propio da Asociación é o galego. En consecuencia, todos os seus documentos oficiais serán redactados en galego, salvo aqueles que impliquen unha relación con administracións ou organismos non radicados en Galicia.

O galego será tamén o idioma usado normalmente nas súas asembleas e xuntas.

CAPÍTULO II. DO MUSEO DO POBO GALEGO

Art. 6. En cumprimento dos seus obxectivos, a Asociación sostén o museo histórico antropolóxico denominado "Museo do Pobo Galego", creado por ela, que se rexe por estes Estatutos e polo Regulamento que os desenvolverá, en concordancia co dispuesto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Este museo radica na actualidade na cidade de Santiago de Compostela no antigo convento de San Domingos de Bonaval, onde está tamén o domicilio da Asociación.

A Asociación poderá crear núcleos museísticos vinculados ao Museo, así como asesorar e colaborar con outras institucións museísticas, nacionais ou estranxeiras, se así se considera oportuno para o cumprimento dos seus obxectivos.

A Asociación poderá tamén organizar actividades de investigación e divulgación, emitir ditames e informes e editar publicacións relacionadas coas materias obxecto dos seus fins.

Art. 7. A Asociación establecerá mecanismos de colaboración coas persoas físicas ou xurídicas socias do Museo do Pobo Galego, sen que isto implique a súa condición de membros do Padroado do Museo do Pobo Galego.

Esta colaboración articularase mediante a participación nun órgano vinculado á Asociación, denominado Asemblea de Socios e Socias do Museo do Pobo Galego, que elixirá representantes nos órganos colexiados da Asociación.

Os dereitos e obrigas de socios e socias do Museo do Pobo Galego, agás o que dispoñan estes Estatutos, estarán recollidos no Regulamento de Régime Interno.

Art. 8. A composición, o funcionamento e o nomeamento das persoas que componen a Dirección do Museo do Pobo Galego serán competencia da Asemblea Xeral da Asociación. Para ocupar cargos no organigrama do Museo do Pobo Galego non será preciso ostentar a condición previa de membro da Asociación.

TÍTULO II. DOS COMPOÑENTES DA ASOCIACIÓN

Art. 9. A Asociación constará de dúas clases de membros: numerarios e institucionais. Aos efectos associativos serán denominados "patróns" e "patroas".

a) Membros numerarios.

Ademais dos fundadores, serán aquelas persoas nomeadas como tales pola Asemblea Xeral, segundo o establecido nos presentes Estatutos.

A condición de membro numerario é vitalicia, a non ser que se produza a súa baixa de acordo co que establece o art. 13. A condición de membro numerario é intransmisible intervivos ou mortis causa nin sequera a título gratuito.

Os membros numerarios han de ser galegos ou residir en Galicia.

O número de membros numerarios non poderá exceder de 60 nin ser inferior a 30.

b) Membros institucionais.

Serán aquelas entidades públicas ou privadas que entren a formar parte da Asociación por decisión da Asemblea Xeral. Estarán representadas pola persoa que a entidade designe, da que o nomeamento, cese ou substitución deberá ser comunicado á Asociación. Tal representante deberá necesariamente estar domiciliado en Galicia.

O número de membros institucionais non poderá exceder de 30 nin ser inferior a 15. En calquera caso deberán desenvolver actividades en Galicia.

A condición de membro institucional é indefinida, en tanto exista a entidade, a non ser que esta manifieste a súa vontade de causar baixa, ou que a Asemblea Xeral acorde a súa baixa, segundo o establecido nos presentes Estatutos.

Art. 10. Os novos membros do Padroado serán nomeados pola Asemblea Xeral. Para iso será preciso que cando menos tres membros subscriban a súa candidatura, que se enviará por escrito á Secretaría do Padroado e haberá de figurar na orde do día da convocatoria correspondente á sesión da Asemblea Xeral na que se decida, con mención expresa do nome e méritos das persoas candidatas, así como do nome de quen as propoñen.

A súa admisión decidirase por maioría de dous terzos dos presentes. A Secretaría comunicará por escrito o nomeamento ás persoas ou entidades propostas, e estas haberán de aceptalo, tamén por escrito, deixando constancia do seu coñecemento e aceptación dos Estatutos e Regulamentos da Asociación.

A Secretaría levará un rexistro coa relación dos membros da Asociación, as súas altas e baixas, e demás incidencias que se consideren de interese.

Art. 11. Os membros da Asociación terán os seguintes dereitos:

- Exercer o de voz e voto na Asemblea Xeral.
- Recibir a adecuada información sobre o estado de contas de ingresos e gastos nas datas estatutariamente establecidas, así como inspeccionar os libros de contabilidade cando o consideren conveniente.



- c) Ter voto e ser elixible para os cargos directivos da Asociación, na forma que determinen estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.
- d) Recibir información dos acordos adoptados polos órganos directivos da Asociación, e discutir e votar a memoria de xestión nas datas estatutariamente establecidas.
- e) Impugnar os acordos e actuacións da Asociación contrarios aos Estatutos e demais normativa vixente, podendo exercitar este dereito dentro do prazo de corenta días desde que foron adoptados e verificándose na forma prevista na Lei de A Xuizamento Civil e na Lei de Asociacións.

Art. 12. Son deberes dos membros da Asociación:

- a) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para conseguir as mesmas.
- b) Pagar as cotas que poidan corresponderles consonte estes Estatutos.
- c) Asistir ás reunións da Asemblea Xeral ou comunicar á Secretaría a ausencia por causas xustificadas.
- d) Cumprir o resto das obrigas que derivan das disposicións estatutarias.
- e) Acatar e cumplir os acordos validamente adoptados polos órganos da Asociación.

Art. 13. Os membros da Asociación non poderán ser separados dela salvo que concorra algunha das situacions previstas como causa de baixa e logo do procedemento establecido neste artigo.

Serán causas de baixa como membro da Asociación:

- a) A solicitude de baixa da persoa interesada.
- b) O incumplimento durante tres ou máis anos consecutivos das súas obrigas económicas coa Asociación.
- c) A falta total de participación no funcionamento do Padroado, en particular a inasistencia ás reunións da Asemblea Xeral, durante tres ou máis anos consecutivos sen causa xustificada.
- d) As actuacións contrarias aos principios que inspiran e rexen a Asociación ou que a prexudiquen manifestamente.

A baixa dun membro na Asociación é competencia da Asemblea Xeral.

As baixas a petición propia serán comunicadas por escrito pola persoa ou institución interesada á Secretaría, que informará das mesmas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria do Padroado.

As baixas polas outras causas só poderán acordarse nunha Asemblea Xeral Ordinaria logo da instrucción do correspondente expediente, que será resolto nun prazo non superior a seis meses, sen que caiba recurso ningún contra a súa decisión.

Art. 14. A Asemblea Xeral da Asociación poderá nomear patróns e patroas de honra as persoas físicas ou xurídicas que estime oportuno.

Quen teñan tal distinción non formarán parte da Asemblea Xeral nin terán a condición de membros da Asociación.

TITULO III. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Art. 15. A Asociación estará rexida por órganos unipessoais e colexiados.

Os órganos colexiados da Asociación son a Asemblea Xeral e o Consello de Goberno.

Os órganos unipessoais da Asociación son a Presidencia, a Secretaría, e a Tesouraría.

Art. 16. A Asociación réxese polo principio democrático e polo tanto as persoas titulares dos órganos da Asociación elíxense por votación.

Só poderán formar parte dos órganos unipessoais da Asociación membros da mesma.

Art. 17. O mandato das persoas titulares dos órganos da Asociación será de catro anos, e poden ser reelexidas indefinidamente.

CAPÍTULO I. DA ASEMBLEA XERAL

Art. 18. A Asemblea Xeral é o órgano decisorio supremo da Asociación. Os seus acordos son vinculantes para todos os demais órganos e ten a facultade de elixir todos os cargos directivos e revogalos, mediante o procedemento de voto de censura establecido no Regulamento de Réxime Interno.

Está integrada por todos os membros numerarios e institucionais, más dez representantes dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, conforme ao establecido no artigo 7.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario dúas veces ao ano, unha na segunda quincena do mes de maio e outra no mes de decembro.

A Asemblea Xeral Ordinaria do mes de maio entenderá e aprobará, se procede, a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do exercicio correspondente ao ano anterior, e elixirá aqueles cargos que estatutariamente teñan que renovarse, ambas as cuestións con carácter obligatorio.

A Asemblea Xeral Ordinaria do mes de decembro debaterá obrigatoriamente, e aprobará se procede, o plan de actuación e o orzamento de ingresos e gastos do ano seguinte e a memoria de xestión que presentará o Consello de Goberno sobre a súa actuación nese ano.

Tratará ademais aqueles temas que a Presidencia ou o Consello de Goberno introduzan na orde do día.

Art. 19. Corresponde tamén á Asemblea Xeral a aprobación e modificación do Regulamento de Réxime Interno, a aprobación e modificación do organigrama do Museo do Pobo Galego e o nomeamento e destitución dos seus cargos directivos a proposta do Consello de Goberno.

Art. 20. A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario sempre que a convoque a Presidencia, por iniciativa propia, por acordo do Consello de Goberno, ou por petición da décima parte dos seus membros.

A disposición ou alleamento de bens, modificación dos Estatutos ou disolución da entidade, deberán ser tratados necesariamente nunha Asemblea Extraordinaria.

Cando a Asemblea Extraordinaria se convoque a petición da décima parte dos seus membros, a Orde do Día será exclusivamente a que se conteña na solicitude de reunión.

Art. 21. A convocatoria da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, farase por escrito, expresando o lugar, a data e a hora da reunión e a orde do día.

Achegarase a documentación necesaria para que os debates e decisións teñan lugar co debido coñecemento de causa.

A convocatoria remitírase, polo menos, quince días naturais antes da data sinalada para a reunión.

Art. 22. A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes a mayoría dos seus membros; de non se cumplir este requisito, reuniranse en segunda convocatoria na que quedará validamente constituída cando estean presentes vinte ou más membros.

Art. 23. Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse por mayoría simple de votos presentes, a excepción da admisión e baixa de membros da Asociación, da disolución da entidade, da modificación dos Estatutos e do alleamento de bens, asuntos para os que se necesitará o voto favorable das dúas terceiras partes dos votos presentes.

Non se admitirán votos delegados. Non se poderán adoptar acordos sobre cuestións non incluídas expresamente na orde do día, agás acordo unánime dos presentes.

CAPÍTULO II. DO CONSELLO DE GOBERNO

Art. 24. O Consello de Goberno é o órgano executivo de goberno ordinario da Asociación. Está integrado por quen exerza a Presidencia, as Vicepresidencias, a Secretaría e a tesouraría, dúas vogalías en

representación dos membros numerarios e dúas vogalías en representación dos socios e socias do Museo do Pobo Galego. A Dirección do Museo do Pobo Galego asistirá con voz pero sen voto.

Art. 25. As vogalías do Consello de Goberno elixiranse pola Asemblea Xeral, terán un período de duración de catro anos e poderán ser reelexidas. Quen represente os membros numerarios deberá ter cando menos dous anos de antigüidade. As vogalías en representación dos socios e socias do Museo do Pobo Galego serán cubertas entre as dez persoas elixidas como representantes na Asemblea Xeral da Asociación. As vogalías renovaranse en dúas quendas.

De quedaren vacantes a Secretaría e a Tesouraría exercerá as súas funcións o vogal que decida o Consello de Goberno ata a celebración da seguinte Asemblea Xeral Ordinaria, na que se elixirá o membro substituto só polo prazo que falte para cumplir o tempo de duración do correspondente mandato.

Art. 26. Son funcións do Consello de Goberno:

- a) Administrar a Asociación e procurar recursos para o financiamento das súas actividades.
- b) Presentar á Asemblea Xeral as propostas de orzamentos e de rendición anual de contas.
- c) Propoñer o plan de actuación á Asemblea Xeral.
- d) Establecer o cadre de persoal, os contratos de traballo e o control do seu cumprimento.
- e) Propoñer á Asemblea Xeral o organograma do Museo e os nomeamentos ou, no seu caso, o cesamento dos seus cargos.
- f) Organizar e dirixir a xestión administrativa.
- g) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- h) Redactar o Regulamento de Réxime Interno que ordene calquera outro aspecto da vida da Asociación non contemplado suficientemente nestes Estatutos, incluíndo o funcionamento do Museo e os cometidos dos diferentes compoñentes do seu organograma. A aprobación e modificación deste regulamento corresponde á Asemblea Xeral.
- i) Todas as necesarias para o normal funcionamento da Asociación que lle encargue ou delegue expresamente a Asemblea Xeral.

Art. 27. O Consello de Goberno celebrará as súas sesións cantas veces o determine a Presidencia, ou a petición de tres dos seus compoñentes. En calquera caso, reunirse polo menos unha vez cada dous meses. A convocatoria será enviada por escrito cunha antelación mínima de 5 días, e quedará validamente constituído cando asistan cinco dos seus membros.

Para que os acordos do Consello de Goberno sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos de quen asista. En caso de empate nas votacións, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Art. 28. O Consello de Goberno poderá nomear, se así o estima oportuno, unha Comisión Permanente que resolva os asuntos de trámite. Estará presidida por quen exerce a Presidencia ou a Vicepresidencia primeira, e formarán parte da mesma a Secretaría, a Tesouraría, e unha das persoas que sexan vogais do Consello de Goberno. Reunirse cando a convoque a Presidencia cunha antelación mínima de 24 horas.

CAPÍTULO III. DA PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN

Art. 29: A Presidencia é o órgano unipersonal de representación da Asociación, que xestionará e representará os seus intereses de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

A Presidencia estará asistida por tres Vicepresidencias, nomeadas Primeira, Segunda e Terceira.

Art. 30. O presidente ou presidenta da Asociación designará a Asemblea Xeral e asume a representación legal da entidade.

A Presidencia e a Vicepresidencia Primeira deberán recaer en patroas ou patróns numerarios que contén cando menos con cinco anos de antigüidade. Cando isto non sexa posible, poderán nomearse de entre os membros numerarios con maior antigüidade.



A Vicepresidencia Primeira substituirá a Presidencia en casos de incapacidade, ausencia, enfermidade ou vacante. Por delegación da Presidencia tamén poderá desempeñar calquera das funcións que esta ten encomendadas.

A Vicepresidencia Segunda e Terceira deberán recaer en patróns institucionais.

Art. 31. A presidencia honoraria da Asociación corresponderá á Presidencia da Xunta de Galicia.

Art. 32. Correspondrán a quen ocupe a Presidencia cantas facultades non estean expresamente reservadas ao Consello de Goberno ou á Asemblea Xeral, e especialmente as seguintes:

- a) Abrir, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral, o Consello de Goberno ou a Asemblea de Socios e Socias do Museo do Pobo Galego, e dirixir as súas deliberacións, decidindo en caso de empate con voto de calidade.
- b) Exercer a representación legal da Asociación e as relacións institucionais.
- c) Velar polo cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e do Consello de Goberno e polo desenvolvemento das actividades que se programen.
- d) Supervisar os labores da Secretaría, da Tesouraría e de todo o persoal ao servizo da Asociación e do Museo.
- e) Asinar os contratos do persoal e os convenios con outras entidades.
- f) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e o Consello de Goberno, ben directamente, ben delegando nalgún dos membros do Consello de Goberno.
- g) Calquera outra responsabilidade que lle encomende a Asemblea Xeral ou o Consello de Goberno.

CAPITULO IV. DA SECRETARIA E DA TESOURARÍA DA ASOCIACIÓN

Art. 33. A Secretaría e a Tesouraría deberán ser desempeñadas por patroas ou patróns numerarios que contan cando menos con tres anos de antigüidade. Elixiraas a Asemblea Xeral.

Artigo 34. A Secretaría da Asociación comporta a secretaría dos órganos colexiados da mesma.

Será función principal da Secretaría levantar e custodiar as Actas das reunións da Asemblea Xeral e do Consello de Goberno.

Incumbrá tamén á Secretaría, de maneira específica, recibir e tramitar as propostas de ingreso de novos membros, levar o ficheiro e o libro de rexistro destes, e dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, rexistrar as actividades realizadas e executar aqueles acordos ou traballos que lle encomende a Presidencia.

Tamén velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes, custodiando a documentación oficial da Asociación e facendo que se cursen as comunicacións preceptivas ás diferentes instancias administrativas.

Art. 35. A Tesouraría dirixirá a contabilidade, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos sociais, recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento baixo a dirección da Presidencia, intervindo todas as operacións de orde económica.

A Tesouraría formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, previamente debatido e aprobado nas súas liñas básicas polo Consello de Goberno, así como a liquidación dos orzamentos do ano anterior, que someterá á aprobación da Asemblea Xeral.

TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO



Art. 36. O patrimonio da Asociación está integrado polos dereitos que ostenta sobre o edificio de San Domingos de Bonaval, os fondos bibliográficos, documentais, etnográficos e artísticos, e calquera outro ben ou derecho dos que sexa titular.

Art. 37. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos cometidos sociais son os seguintes:

- a) As cotas periódicas que entreguen os seus membros, os socios e socias do Museo ou outras persoas individuais, entidades, asociacións, corporacións ou sociedades, tanto sexan públicas como privadas, sen que en ningún caso esas contribucións impliquen ningún tipo de dependencia.
- b) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan por calquera título á Asociación.
- c) As subvencións, legados e doazóns que poida recibir.
- d) Os ingresos que se obteñan mediante as actividades que, dentro dos fins estatutarios, acorde realizar a entidade.
- e) Calquera outro recurso que, como tal, sexa no seu día aprobado ou aceptado pola Asemblea Xeral.

Art. 38. Destinarase á realización dos fins sociais non menos do 70 por cento das rendas e ingresos percibidos pola explotación económica que desenvolva a Asociación, dos derivados da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade, salvo no caso de transmisión onerosa de bens inmobles nos que radique a súa actividade propia, sempre que se reinvistan en bens e dereitos nos que concorra tal circunstancia, e de calquera outro ingreso percibido, unha vez deducidos os gastos necesarios para a súa obtención e sempre que non fosen contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial.

Art. 39. A Asemblea Xeral na súa reunión de maio, cando corresponda, nomeará un mínimo de tres e un máximo de cinco censores de contas entre patroas ou patróns numerarios que non formen parte do Consello de Goberno. O seu nomeamento será por un período de catro anos.

Terán como función a revisión e informe da liquidación do orzamento e da contabilidade da Asociación. Nesta tarefa poderán solicitar da Tesouraría toda canta información precisen.

Art. 40. A Asociación renderá contas da súa actividade económica ás administracións públicas e á sociedade segundo o que dispoña en cada momento a lexislación vixente.

Art. 41. A Asociación responderá das súas obrigas con todos os seus bens presentes e futuros. Os membros do Padroado non responden persoalmente das débedas da Asociación.

TÍTULO V. DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 42. A Asociación disolverase por vontade dos seus membros, polas causas previstas no Código Civil ou por sentenza xudicial.

Art. 43. No suposto de disolución por vontade dos membros da Asociación, será preciso acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, adoptado por maioría de dúas terceiras partes dos membros presentes.

Este acordo deberá especificar se procede a liquidación do Museo do Pobo Galego ou a transmisión da súa titularidade a unha entidade pública ou privada que reúna condicións análogas ás da Asociación, que persiga fins de interese xeral e que teña afectados os seus bens á consecución daqueles. Corresponde á Asemblea designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co previsto na lexislación vixente.

Art. 44. En caso de liquidación do Museo, o Consello de Goberno da Asociación no momento da disolución converterase no órgano liquidador. Dentro das normas aplicables procederá a:

- a) Devolver a quien exerce a súa lexítima propiedade os obxectos de calquera clase que depositaran no Museo.
- b) Presentar á Asemblea Xeral unha proposta de distribución dos fondos museísticos, bens e dereitos restantes entre entidades galegas non lucrativas, privadas ou públicas que garantan a súa conservación e uso de acordo cos obxectivos para os que aqueles foron constituídos, que persigan fins de interese



xeral e que teñan afectados os seus bens á consecución daqueles. Corresponde á Asemblea designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co previsto na lexislación vixente.

Art. 45. Corresponde tamén ao órgano liquidador:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
- b) Concluír as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar ás persoas acreedoras.

DISPOSICIONES TRANSITORIAS

Primeira. Unha vez entren en vigor estes Estatutos, seguirán en funcións os órganos de goberno previstos nos Estatutos anteriores até a primeira Asemblea Xeral, na que se procederá á elección dos novos titulares dos cargos.

Segunda. O mandato inicial de quen ostente a vogalía primeira e terceira do Consello de Goberno será só por un período de dous anos.

Terceira. Mientras non entre en vigor o novo Regulamento de Réxime Interno, este manterase en vigor no que non entre en contradición cos estes Estatutos.

Cuarta. Mientras non entre en vigor o novo Regulamento de Réxime Interno, manteranse tamén en vigor, con rango regulamentario, as disposicións recollidas nos anteriores Estatutos referentes aos socios e socias do Museo do Pobo Galego e aos seus mecanismos de participación.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos entrarán en vigor a partir da súa inscrición no Registro de Asociacións correspondente.

ESTATUTOS DE LA ASOCIACIÓN
PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO
ASOCIACIÓN PARA EL FOMENTO ALIMENTARIO
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ESTATUTOS DE LA ASOCIACIÓN
PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO
ASOCIACIÓN PARA EL FOMENTO ALIMENTARIO
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA

ESTATUTOS DE LA ASOCIACIÓN
PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO
ASOCIACIÓN PARA EL FOMENTO ALIMENTARIO
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA
ASOCIACIÓN PARA LA CULTURA

DILIXENCIA: na que se fai constar que os estatutos da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego que se adxuntan están redactados segundo as modificacións recollidas no acordo de modificación dos estatutos aprobado na asemblea xeral extraordinaria celebrada o 11 de marzo de 2017, cos requisitos de convocatoria, quorum e adopción de acordos esixidos.

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2017

Vº B.

Ado. Francisco Javier Sanjiao Otero
(secretario)

Ado. Justo Beramendi González
(presidente)